



**SESION EXTRAORDINARIA URXENTE**  
**DO PLENO DA CORPORACION**  
**CORRESPONDENTE O DIA 3 DE DECEMBRO DE 2021**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás trece horas do día tres de decembro dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira, D. Francisco Fernandes Pires, D<sup>a</sup> Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG e D. José Rodríguez Gómez do PSdeG; xustifican a súa ausencia por motivos persoais D<sup>a</sup> Cristina Clavería Alves e D. Francisco Antonio García Fornos do grupo municipal do BNG e D. Jesús Río Piornedo do PP, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno de carácter Extraordinario Urxente en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

**1º.- DECLARACIÓN DE URXENCIA**

Signala o Sr. Alcalde-Presidente que a tramitación do Plan de Acción para o clima e a enerxía sustentable esixe a aprobación en Pleno e que non fai posible recibir con anterioridade o documento técnico que se somete a aprobación e de acordo coas indicacións de Secretaría-Intervención procede a convocatoria con carácter de urxencia.

Sometido a votación a declaración de urxencia é aprobada por unanimidade.

**2.- APROBACIÓN Programa PACES: PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE**

Antecedentes

O Concello da Mezquita resultou beneficiario dunha subvención por importe de 2.994,75 € da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ó abeiro da Orde do 26 de Xaneiro 2021 cofinanciads polo FEDER no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Previamente o Alcalde-presidente asinou o Pacto dos Alcaldes sobre o Clima e a Enerxía comprometéndose entre outras cuestións a presentar o PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE no prazo de 2 anos, elaborando así mesmo un informe de situación como mínimo cada 2 anos.

Mediante contrato menor con Renowatio Renga Enerxía S.L. foi contratada a elaboración do PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE DO CONCELLO DA MEZQUITA por importe de 2.994,75 €.

Dito documento foi entregado ó Concello da Mezquita o 2/12/2021 dentro do prazo establecido na Orde do 26 de xaneiro 2021.

DEBATE

Expón o Sr. Alcalde-Presidente o interese para o Concello da Mezquita de contar con este documento de planificación estratéxica que permitiría así mesmo acceder ós programas de cofinanciación que se establezcan nestes ámbitos e servirá de guía na actuación municipal que xa neste 2021 aborda unha ambiciosa inversión no alumeadado público para mellorar a súa eficiencia.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido pola Presidencia a aprobación do Pleno da Corporación o (PACES) PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE do Concello da Mezquita resulta





APROBADO por unanimidade cos votos a favor dos integrantes do Grupo Municipal do BNG presentes e do portavoz do grupo socialista.

O Pleno da Corporación aproba así mesmo a súa presentación na páxina Web europea do Pacto e a xustificación da subvención concedida diante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

